BUSCAS

Buscas no OPAC

1. INTRODUCIÓN
2. BUSCA SIMPLE
3. BUSCA AVANZADA
4. BUSCA POR XERARQUÍA

1. INTRODUCIÓN

O buscador aloxado na intranet está deseñado para ser empregado fundamentalmente pola persoa bibliotecaria. Pero tamén existe un buscador en internet, o OPAC (Online Public Access Catalog, é dicir, o noso catálogo público online), que está a disposición do público en xeral.

Os procesos de busca en ambos casos son moi semellantes, como imos ver.

2. BUSCA SIMPLE

No proceso de busca simple, volvemos empregar as palabras clave relacionadas co documento que se quere atopar.

Seguimos estes pasos:

1.- Accede ao OPAC da túa biblioteca.



2.- Introduce a(s) palabra(s) clave coa(s) que queres realizar a busca e preme o botón *Enviar*. Podes facer unha busca xeral no catálogo da biblioteca ou escoller un filtro no menú despregable.



3.- O sistema amosará nunha táboa os rexistros bibliográficos atopados, os exemplares asociados a cada un deles e a súa dispoñibilidade.



4.- Para acceder ao detalle do bibliográfico, preme sobre o título do rexistro bibliográfico (destacado en azul). Na parte inferior da nova pantalla amósanse os datos dos exemplares existentes na biblioteca.



3. BUSCA AVANZADA

A busca avanzada permite localizar exemplares combinando diferentes filtros. Para realizala, segue estes pasos:

1.- Preme en *Busca avanzada* na parte superior da pantalla.



2.- Configura os criterios polos que queres filtrar a busca empregando os distintos campos dispoñibles: título, autoría, materia, ISBN...

A través das pestanas *Tipo de ítem* e *Tipo de material*, Koha permite realizar unha busca moito máis afinada. Dende a busca avanzada pódese realizar unha combinación dos distintos campos de busca.

Unha vez establecidos todos os filtros, preme o botón *Buscar*.



3.- O sistema amosará nunha táboa os rexistros bibliográficos atopados, os exemplares asociados a cada un deles, a súa localización e dispoñibilidade.



4.- Para acceder ao detalle do rexistro bibliográfico, preme sobre o título do rexistro. Na parte inferior da nova pantalla amósanse os datos dos exemplares existentes na biblioteca.

4. BUSCA POR XERARQUÍA

1.- Accedendo ao filtro de *Buscar por xerarquía* aparecerán a CDU xeral, coas denominacións de cada apartado, a súa cor e unha ilustración.





2.- Ao premer en cada código, accederás ao seu desglose.



3.- Escolle o código que che interesa premendo nel.



4.- Para acceder ao detalle do rexistro bibliográfico, preme sobre o título do rexistro. Na parte inferior da nova pantalla amósanse os datos dos exemplares existentes na biblioteca.

Inicio › Detalles para: Aventura espacial / Mia Cassany

Vista normal | Vista MARC | Vista ISBD

Aventura espacial / Mia Cassany

por Cassany, Mia [autor/a]; Hammer, Susie [ilustrador/a].

Tipo: Libro

Editor: Barcelona : Mosquito Books , 2022

Descrición: 12 p. : il. cor ; 23 cm.

ISBN: 9788419095367.

Materia(s): Planetas | Universo

Recursos en liña: Faga clic para acceso en liña

Resumo: Un libro fantástico, para leer y descubrir el universo, y viajar a los planetas. Las páginas de este original libro se abren y se convierten en un tapiz divertidísimo donde el lector verá la Luna, las estrellas y la galaxia entera. ¡Lee, aprende y juega con los libros desplegables!

valoración media: 0.0 (0 votos)

Navegar polos resultados

Anteriores | Volver aos resultados | Seguinte

Imprimir

Gardar rexistro

Compartir Post

Exemplares (3) | Notas de título

Tipo de ítem	Localización actual	Sinatura topográfica	Dispoñibilidade	Notas	Data de vencemento	Datos do exemplar
Mochila 2	Asesoría de Bibliotecas Escolares *Maletas viaxeiras*	52 CAS ave	Dispoñible	Maleta Literatura de non ficción EP SC		
Mochila 2	Asesoría de Bibliotecas Escolares *Maletas viaxeiras*	52 CAS ave	Dispoñible	Maleta Literatura de non ficción EP LU		
Mochila 2	Asesoría de Bibliotecas Escolares *Maletas viaxeiras*	52 CAS ave	Dispoñible	Maleta Literatura de non ficción EP PO		